



Oficina de Medio Ambiente UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE INFRAESTRUTURAS E SUSTENTABILIDADE



PLAN DE ACCIÓN DO PROGRAMA GREEN CAMPUS UDC

A. DATOS XERAIS

DATA DE ELABORACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN: Decembro 2020- Abril 2021
NOME COMPLETO DA PERSOA DE CONTACTO: Inmaculada García Presas
DIRECCIÓN: Facultade de Dereito s/n Campus de Elviña
TELÉFONO: 646589360

DATA DE APROBACIÓN POLO COMITÉ AMBIENTAL: 20 de Abril de 2021

LOCALIDADE: A Coruña
CORREO-E: i.garcia.presas@udc.es

CÓDIGO POSTAL: 15071

B. BREVE XUSTIFICACIÓN RAZOADA

Resumo do plan, partindo da descrición resumida da situación de partida e xustificación das medidas prioritarias (até 2 pax.)

Este plan de acción é consecuencia das necesidades que en materia de medioambiente ten a Facultade de Dereito da Universidade da Coruña (UDC). En concreto este plan de acción foi elaborado de acordo co ecoauditoría que foi aprobada na reunión do comité ambiental da Facultade de Dereito celebrada o venres 11 de decembro de 2020 e que foi presentada a oficina de medio ambiente (OMA) o mesmo día da súa aprobación.

Esta ecoauditoría, que conta co informe favorable da OMA e da Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor (ADEAC), evidencia as carencias do noso Centro en cuestións medioambientais, atendendo as respostas que fixemos ó propio cuestionario desta ecoauditoría. Por iso o plan de acción que aquí presentamos pretende iniciar ó proceso non soamente para poñer fin a estas carencias detectadas senón tamén para situar a Facultade de Dereito da UDC como Centro que sexa modelo de boas prácticas ambientais.

A tales efectos centramos o plan de acción en cinco das dez áreas temáticas propostas no documento base green campus xa que son nas que o comité ambiental do Centro entende que debemos incidir.

1. Optimización do consumo de auga e enerxía (área temática 1).
2. Redución da xeración de residuos e mellora da recollida selectiva (área temática 2).
3. Hábitos, rutinas e estilos de vida saudables (área temática 6).
4. Compra verde, comercio xusto e consumo responsable (área temática 8).
5. Participación, sensibilización e voluntariado ambiental (área temática 9).

Como pode comprobarse neste plan de acción figura tamén un apartado específico sobre igualdade de xénero e non discriminación. O comité ambiental da Facultade de Dereito entende que a súa presenza tamén é imprescindible. De igual modo que o plan contempla apartados específicos sobre o impacto económico (o relativo a "recursos") o comité tamén considera que a perspectiva de xénero é algo que debe terse en conta.

Ademais o comité ambiental da Facultade de Dereito, á hora de atender as carencias evidenciadas na súa ecoauditoría, considerou moi oportuno realizar as súas propostas tendo como referencia dous documentos estratéxicos (alén da guía para a sustentabilidade da UDC e do documento sostenibilidad CRUE 2017), que son os seguintes:

1) Plan estratéxico UDC 2020: concretamente o seu capítulo de responsabilidade social. Interesa deste capítulo o obxectivo estratéxico 1 e o obxectivo estratéxico 3, razón pola que moitas das nosas propostas se inclúen nestes obxectivos.

2) Axenda 2030 de Desenvolvemento Sostible (ONU): De feito os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) figuran nas nosas propostas cuxa descrición no plan de acción indica, en cada caso, cales dos dezasete obxectivos son os que pretendemos alcanzar na Facultade de Dereito. Tales obxectivos son:

1. Fin da pobreza.
2. Fame cero.
3. Saúde e benestar.
4. Educación de calidade.
5. Igualdade de xénero.
6. Auga limpa e saneamento.
7. Enerxía accesible e non contaminante.



Oficina de Medio Ambiente
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE INFRAESTRUTURAS E SUSTENTABILIDADE



- 8. Traballo decente e crecemento económico.
- 9. Industria, innovación e infraestrutura.
- 10. Redución das desigualdades.
- 11. Cidades e comunidades sostíbles.
- 12. Produción e consumo responsables.
- 13. Acción polo clima.
- 14. Vida submarina.
- 15. Vida de ecosistemas terrestres.
- 16. Paz, xustiza e institucións sólidas.
- 17. Alianzas para lograr os obxectivos.

C. PLAN DE ACCIÓN

OBXECTIVOS	ACCIÓN	METODOLOXÍA	RECURSOS NECESARIOS	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSÁBEIS	INDICADORES DE SEGUIMIENTO
------------	--------	-------------	---------------------	-----------------	--------------	----------------------------



Oficina de Medio Ambiente UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE INFRAESTRUTURAS E SUSTENTABILIDADE



1. Optimización do consumo de auga e enerxía (Área temática 1) Plan estratéxico UDC 2020. Capítulo (Responsabilidade Social). Obxectivo estratéxico 3 (Unha universidade responsable do seu impacto ambiental). Punto 3.4 (Impulsar a eficiencia enerxética, o uso de enerxías renovables e o aforro de auga). Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible (ONU). Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS): 6. Auga limpa e saneamento. 7. Enerxía accesible e non contaminante. 11. Cidades e comunidades sostibles. 14. Vida submarina.	- Realización dunha auditoría enerxética.	A metodoloxía está en función do seu custo económico e das posibilidades para o seu pago.	A determinación dos recursos será feita en función do seu custo económico e das posibilidades para o seu pago. Esta acción é iniciada coa solicitude de información, de orzamentos e de axudas (públicas ou privadas) para levar a cabo a auditoría.	Anos 2021 e 2022.	Comité Ambiental da Facultade de Dereito dentro das competencias do Centro e sen perxuízo da implicación necesaria dos órganos competentes da UDC.	Os propios que se derivan tanto da solicitude de información, orzamentos e axudas como da realización da propia auditoría.
	- Cuantificación dos consumos de elementos ofimáticos (incluíndo aquí fotocopias) para facer as recomendacións correspondentes para uso que minimize o seu consumo (e promova alternativas ao uso do papel, especialmente no caso de fotocopias).	Obtención da información do consumo destes elementos e seguimento, partindo dun historial de consumos, para facer propostas de actuación no presente e no futuro que axuden a minimizar.	En principio, sen custe económico, sendo necesario so para a súa materialización ter acceso á información dos consumos.	Anos 2021 e 2022.		Publicación periódica dos consumos e de pautas de actuacións que axudan a minimizar.
	- Realización dun estudo para implantar nas zonas comúns un sistema de iluminación de baixo consumo (ou tecnoloxía LED) con temporizadores ou detectores de presenza, con inclusión de cronograma de aplicación progresiva para minguar o impacto económico da medida.	Prevía identificación das zonas implicadas, convén cuantificar o seu custo económico mediante a solicitude de orzamentos para contemplar aplicación de acordo co cronograma.	A identificación das zonas implicadas non ten custo económico, mais a instalación de medios de iluminación de baixo consumo (nas súas diferentes modalidades) si ten, de modo que esta acción implicaría tamén a procura de axudas (públicas ou privadas) para o seu financiamento de acordo co cronograma.	Anos 2021, 2022 e 2023.		Publicación da información que se vaia obtendo, campaña informativa das medidas adoptadas e divulgación da importancia de contar con tales sistemas nas mencionadas zonas.



VICERREITORIA DE INFRAESTRUTURAS E SUSTENTABILIDADE



2. Redución da xeración de residuos e mellora da recollida selectiva (Área temática 2) Plan estratéxico UDC 2020. Capítulo (Responsabilidade Social). Obxectivo estratéxico 3 (Unha universidade responsable do seu impacto ambiental). Punto 3.2 (Implantar procesos de xestión sostible dos residuos).	- Uso responsable e eficiente da auga e da luz.	Previa identificación dos consumos e o seu seguimento, informar da importancia do uso responsable e eficiente da auga e da luz.		Anos 2021 e 2022.		Os propios que derivan da identificación dos consumos e da información con pautas de actuación para evitar usos non responsables e non eficientes.
	- Realización dun estudo para valorar a posibilidade de incorporar enerxías renovables, tendo en conta que o edificio dispón de espazos para tales efectos (por exemplo todo o relativo a placas solares).	Identificación dos lugares máis axeitados para tales fins, consulta coas entidades públicas (entre elas, a propia UDC) e privadas, determinación de custes e axudas (públicas ou privadas) de financiamento e cronograma de aplicación para minimizar ao máximo impacto económico negativo.	En principio, a elaboración do estudo non debería ter ningún custo económico, tendo en conta que se trata de identificar lugares e cuantificar impacto económico e axudas de financiamento. Cuestión distinta é a súa aplicación, que parte da base de contar con recursos, razón pola que se acude a un cronograma	Anos 2021, 2022 e 2023.		Publicación de toda a información que se obteña e lóxicamente do propio estudo.
	- Mellorar no Centro o sistema de recollida selectiva de residuos (orgánica, inorgánica, papel e cartón). - Facer máis ecolóxicos os eventos da Facultade definindo a organización e o desenvolvemento dos eventos do Centro tomando en consideración criterios ambientais. -Eliminar botellas de plástico en todos os eventos organizados pola Facultade (conferencias, xornadas, teses de doutoramento).	Instalar no Centro varios novos puntos de recollida selectiva de residuos. Seleccionar e aprobar criterios ambientais. Definir un logo de eventos sostibles que poderán utilizar os eventos do Centro que asuman os criterios indicados. Publicitar a calidade da auga de villa e facilitar medios alternativos ó plástico (xarra e vasos de cristal) garantindo medidas da covid.	Recursos propios do Centro e dos grupos de investigación.	Ano 2021. Anos 2021 e 2022. Ano 2021.	Comité Ambiental da Facultade de Dereito dentro das competencias do Centro e sen perxuízo da implicación necesaria dos órganos competentes da UDC.	Número de eventos da Facultade celebrados con criterios ambientais do Centro.



Oficina de Medio Ambiente UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE INFRAESTRUTURAS E SUSTENTABILIDADE



Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible (ONU). Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS): 11. Cidades e comunidades sostíbeis. 12. Produción e consumo responsables. 13. Acción polo clima. 14. Vida submarina. 15. Vida de ecosistemas terrestres.	- Incentivar o uso das fontes de auga situadas na planta baixa e no terceiro andar do edificio, unha vez que, as medidas sanitarias por causa da covid, o permitan.	Publicitar a existencia e a conveniencia de consumir a auga das fontes instaladas na facultade, sempre e cando as medidas sanitarias pola covid o permitan.		Anos 2021 e 2022.		
3. Hábitos, rutinas e estilos de vida saudables (Área temática 6) Plan estratéxico UDC 2020. Capítulo (Responsabilidade Social). Obxectivo estratéxico 1 (Unha universidade que impulsa o cambio social). Punto 1.6 (Fomentar as políticas de compra socialmente responsable).	- Solicitar da cafetería da Facultade a oferta dun menú saudable promovendo o consumo de produtos locais e de tempada e a inclusión de froita nos menús do día.	Comunicar a cafetería a necesidade de ofertar menús do día saudables e tapas vexetais, tamén a conveniencia de situar a froita nun lugar visible para incentivar o seu consumo.		Anos 2021 e 2022.		Seguimento e anotación dos menús do día que oferta a cafetería.
	- Fomentar na Facultade o uso das escaleiras en vez do ascensor.	Solicitar pegatinas da campaña da UDC saudable "Mellor a pé".		Ano 2021.		Realización de enquisas entre o persoal do Centro para ter coñecemento das prácticas saudables que se promoven.
Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible (ONU). Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS): 1. Fin da pobreza. 2. Fame cero. 3. Saúde e benestar. 13. Acción polo clima.	- Colaborar coas iniciativas da UDC saudable e incentivar a utilización das instalacións deportivas do Campus de Elviña, - Impulsar a participación dos traballadores (PDI e PAS) nas campañas de vixilancia da saúde. - Fomentar a doazón de sangue, de órganos e de tecidos, en clave de promoción da saúde e de prevención de riscos para evitar por exemplo a enfermidade renal.	Dar conta da existencia destas iniciativas no Centro e convidar a participar nas mesmas. Informar polo correo interno do Centro da existencia de tales campañas. Colaborar con ADOS-SERGAS (sangue e médula osea) e con ALCER Coruña (hai un punto desta asesoría no CUR).		Anos 2021, 2022 e 2023. Anos 2021, 2022 e 2023. Anos 2021, 2022 e 2023.	Comité Ambiental da Facultade de Dereito dentro das competencias do Centro e sen perxuízo da implicación necesaria dos órganos competentes da UDC.	Charlas e actividades organizadas no Campus de Elviña (posters, presentación de campañas...). Fotografías.



Oficina de Medio Ambiente UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE INFRAESTRUTURAS E SUSTENTABILIDADE



4. Compra verde, comercio xusto e consumo responsable (Área temática 8) Plan estratéxico UDC 2020. Capítulo (Responsabilidade Social). Obxectivo estratéxico 1 (Unha universidade que impulsa o cambio social). Punto 1.6 (Fomentar as políticas de compra socialmente responsable). Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible (ONU). Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS): 8. Traballo decente e crecemento económico. 9. Industria, innovación e infraestrutura. 10. Redución das desigualdades. 12. Produción e consumo responsables. 16. Paz, xustiza e institucións sólidas.	- Colaborar cos servizos de asesoramento do estudiantado e os seus puntos de información e asesoría.	Dar difusión das actividades e dos servizos das entidades de asesoramento do estudiantado (Quérote +, Nin + Nin -, Cruz Vermella, FEAFES Salud Mental, Programa Afrontemos 21...)	Os do propio Centro e os destas entidades.	Anos 2021, 2022 e 2023.	Comité Ambiental da Facultade de Dereito dentro das competencias do Centro e sen perxuízo da implicación necesaria dos órganos competentes da UDC.	Evidencias tanto desa información como das charlas ou outras actividades que se realicen o respecto.
	- Integrar criterios ambientais na contratación menor derivada do Centro, incrementando progresivamente as compras menores que dependan directamente da Facultade e tomen en consideración criterios ambientais, fomentando ademais a realización de compras verdes na xestión de grupos e proxectos de investigación. - Colaborar co servizo de contratación da UDC para valorar a posible integración de criterios ambientais nos grandes contratos do Centro (limpeza, cafetería, vending, mantemento de alumbrado), integrando progresivamente os criterios ambientais e de saúde pública nas prestacións que actualmente se desenvolven na Facultade, de acordo cos prazos de duración dos contratos.	Identificar prioridades (unha ou dúas inicialmente), coa finalidade de seleccionar prestacións con baixo impacto ambiental. Seleccionar criterios ambientais para as prestacións prioritarias. Realizar consultas cos provedores e co persoal do Centro. Aprobar criterios. Realizar revisións periódicas. Contactar co servizo de contratación da UDC. Planificar a participación no desenvolvemento dos futuros contratos, coa finalidade de poder realizar propostas do Centro no período de preparación de novos contratos. Realizar propostas de mellora ambiental e sanitaria das prestacións.	Asesoramento específico en materia de compra verde, de acordo coas capacidades do PDI do Centro. A actuación pode desenvolverse cos recursos propios do Centro e dos grupos de investigación. A actuación pode desenvolverse cos recursos propios do Centro e dos grupos de investigación.	Anos 2021 e 2022. Anos 2021 e 2022: Contactar co servizo de contratación da UDC. Planificar a participación no desenvolvemento o de futuros contratos. De acordo coa planificación, poderase calendarizar a posible participación do Centro neste proceso.		Número de compras que integran criterios ambientais. Valor do contratado con criterios ambientais. Número de contratos nos que o Centro realiza aportacións. Número de contratos que integran consideracións ambientais.



Oficina de Medio Ambiente UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE INFRAESTRUTURAS E SUSTENTABILIDADE



5. Participación, sensibilización e voluntariado ambiental (Área temática 9) Plan estratéxico UDC 2020. Capítulo (Responsabilidade Social). Obxectivo estratéxico 1 (Unha universidade que impulsa o cambio social). Punto 1.6 (Fomentar as políticas de compra socialmente responsable). Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible (ONU). Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS): 4. Educación de calidade. 10. Redución das desigualdades. 17. Alianzas para lograr os obxectivos.	- Crear un apartado green campus na páxina web da Facultade para dar a coñecer as medidas ambientais do Centro. - Potenciar na Facultade a formación en educación ambiental dende un punto de vista xurídico (Dereito ambiental). - Participar en actividades da OMA, como marzo ambiental, acollendo no vestíbulo da Facultade exposicións do CEIDA como a de emerxencia climática. - Informar, mediante a oportuna sinalética, sobre os impactos ambientais e económicos dos comportamentos individuais, atendendo especialmente ó consumo enerxético, de papel e de plásticos. - Realización de enquisas que aporten información para actuacións posteriores e axuden a sensibilización ambiental.	Falar co decanato para que habilite un espazo Green campus na páxina web do Centro. Identificar os títulos nos que é posible desenvolver este enfoque con carácter prioritario e transversal. Implicar ó PDI e identificar posibles asignaturas. Desenvolver unha comisión coordinadora. Realizar xornadas na Facultade. Aproveitar a información e as convocatorias que ofrece a OMA independentemente de ter en conta a de outras entidades públicas ou privadas. Identificar os impactos potenciais máis relevantes derivados do comportamento do persoal do Centro. Desenvolver unha sinalética sinxela, clara e con diseño atractivo. Determinar a ubicación e implicar as asociacións de estudantes. Trátase de enquisas feitas periódicamente sobre cuestionarios moi concretos e sobre cuestións específicas.	A actuación pode desenvolverse cos recursos propios do Centro. Recursos propios do Centro, da UDC e desas outras entidades públicas ou privadas que poidan financiar. A actuación requirirá de financiación para o desenvolvemento da sinalética indicada. En principio, sen custo económico, porque poden aproveitarse os medios existentes no Centro.	Ano 2021. Anos 2021, 2022 e 2023. Ano 2021. Anos 2021 e 2022. Ano 2021.	Comité Ambiental da Facultade de Dereito dentro das competencias do Centro e sen perxizo da implicación necesaria dos órganos competentes da UDC.	A constatación da creación e actualización constante do apartado green campus da web do Centro. Actas das reunións que se realicen para impartir esa formación e documentación acreditativa que se corresponda coa efectiva realización da formación. Número de carteis. Número de campañas informativas. Redución interanual de consumo de recursos, nos casos en que poda ser obxetivamente medible. Difusión pública das enquisas e publicación dos resultados, derivando conclusións.
--	---	--	---	--	--	---



6. Igualdade de Xénero II Plan de Igualdade da UDC (2019-2022). Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible (ONU). Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS): 3. Saúde e benestar. 5. Igualdade de xénero. 8. Traballo decente e crecemento económico. 10. Redución das desigualdades. 16. Paz, xustiza e institucións sólidas.	- Promover a igualdade de xénero no ámbito universitario. - Potenciar na Facultade a formación en educación na igualdade de xénero. - Análise do impacto de xénero que teñen todas as propostas deste plan de acción que aquí se presenta de modo que o interesante é implicar ó mesmo tempo o xénero e o medio ambiente. Trátase dunha acción que se quere promover en colaboración coa oficina de igualdade de xénero.	Informar sobre o II Plan de Igualdade da UDC, aprobado por Consello de Goberno de 3 de abril de 2019, de execución plurianual (2019-2022), en colaboración coa oficina de igualdade de xénero. Potenciar a paridade nos tribunais de TFG e TFM. Identificar os títulos nos que é posible desenvolver este enfoque con carácter prioritario e transversal. Implicar ó PDI e identificar posibles asignaturas. A metodoloxía é a propia dos estudos sobre o impacto de xénero.		Anos 2021 e 2022. Anos 2021, 2022 e 2023. Anos 2021, 2022 e 2023.	Comité Ambiental da Facultade de Dereito dentro das competencias do Centro e sen perxuízo da implicación necesaria dos órganos competentes da UDC.	Evidencias das distintas actuacións informativas do Plan. Comprobar que se potencia a paridade nos tribunais de TFG e TFM. Actas das reunións que se realicen para impartir esa formación e documentación acreditativa que se corresponda coa efectiva realización da formación. O seguimento desta acción é o propio das medidas de seguimento das accións que conforman este plan de acción e que foron descritas anteriormente.
--	---	--	--	--	---	--



Oficina de Medio Ambiente
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE INFRAESTRUTURAS E SUSTENTABILIDADE



Cráterios xerais propostos pola OMA-UDC e por Green Campus:

O plan de acción debe ser concreto e realista, e elaborárase de acordo con:

- Plan de Acción elaborado corresponderá a un curso académico concreto, polo que as actuacións propostas deberán ser planificadas para que sexan acometidas nese prazo de tempo. No caso de actuacións que requiran máis tempo, indicárase até onde se levarán a cabo ao longo do curso de referencia.
- As actuacións que se propoñan deberán ser acordes coas necesidades identificadas na ecoauditoría previa e realistas en canto aos recursos necesarios e prazos de execución.
- Recoméndase un número de actuacións propostas dunhas 10, aínda que se poderá xustificar un número menor ou maior segundo posibilidades. Débese ter en conta que compre acadar polo menos o 65% dos obxectivos formulados para unha avaliación positiva).
- Deberán abarcar, ao menos, tres temáticas diferentes (ver documento base Green Campus) e atenderán tanto aos obxectivos xerais da UDC como aos particulares de centro.

Os obxectivos xerais da UDC están definidos no Plan Estratéxico PEUDC2020 (que se consideran en vigor mentres non se renoven), aprobado en decembro de 2013. Deles, seleccionamos pola súa relación directa cos obxectivos e contidos de Green Campus os seguintes:

PLAN ESTRATÉXICO UDC2020, capítulo “**RESPONSABILIDADE SOCIAL**” (pp. 32-37)

https://www.udc.es/export/sites/udc/goberno/galeria_down/vice_planificacion_economica_e_infraestructuras/documentos/PLAN1320.pdf

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1: UNHA UNIVERSIDADE QUE IMPULSA O CAMBIO SOCIAL

1.6 Fomentar as políticas de compra socialmente responsable.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3: Unha universidade responsable do seu impacto ambiental

3.1 Mellorar a xestión e coordinación dos procesos de ambientalización e sustentabilidade.

3.2 Implantar procesos de xestión sostible dos residuos.

3.3 Impulsar a mobilidade sostible.

3.4 Impulsar a eficiencia enerxética, o uso de enerxías renovables e o aforro de auga.

No texto do Plan Estratéxico hai unha definición destes obxectivos a nivel de universidade, así como uns indicadores, que se poden adaptar ao nivel de centro.

Por outra banda, alén da contribución do centro a estes obxectivos xerais prioritarios da UDC no seu conxunto, cada centro deberá definir os seus obxectivos adicionais específicos, xunto cos indicadores que estime pertinentes.

A proposta do centro será valorada tanto pola OMA como por Green Campus, que poderán solicitar ampliacións ou modificacións razoadas.

Como documentos orientadores para a definición de obxectivos e indicadores, suxerimos os seguintes:

- Guía para a Sustentabilidade na UDC: https://www.udc.es/arquivos/sites/udc/sociedade/medio_ambiente/pegada_ecologica/Guia_sustentabilidade_ambiental.pdf
- Documento Sostenibilidad-CRUE 2017: Herramienta de autodiagnóstico de la sostenibilidad ambiental en las universidades españolas: Guía del Usuario. <https://drive.google.com/file/d/0BxKvyGbf3ZDSX3FWa2Z0QW8wOGc/view>
- Cuestionario de **Auditoría Ambiental Interna** para Facultades, Escolas E Centros Universitarios GREEN CAMPUS

Recoméndase facer uso deste último, xa que constitúe a ferramenta de diagnóstico da situación de partida, podendo facer uso dos outros documentos como material complementario.